



## DISPOSICIONES TRANSITORIAS



## VII. DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

**Primeira.-** *Persoal funcionario que ocupe postos de traballo de letrado no Consello Consultivo de Galicia no momento da entrada en vigor desta lei.*

O persoal funcionario de carreira que no momento de entrada en vigor desta lei esté ocupando postos de traballo que correspondían o suprimido corpo de persoal letrado no Consello Consultivo de Galicia, seguirá desenvolvendo funcións de letrado ao servizo do Consello Consultivo ata a provisión dos correspondentes postos de traballo na forma determinada no artigo 30 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, na redacción dada ao dito precepto pola presente lei. Este persoal cesará no momento da provisión do posto de traballo se non obtívese a praza, e quedará a disposición do órgano competente en materia de persoal do Consello Consultivo de Galicia, quen procederá a súa adscrición provisional a un posto de traballo vacante dos correspondentes a letrados ao servizo do Consello Consultivo. Se non houberse posto de traballo vacante ou cando así o aconsellasen as necesidades do servizo, o Consello consultivo comunicarao á consellería competente en materia de función pública, que procederá a adscrición provisional do indicado persoal a outros postos vacantes da escala de letrados da Xunta de Galicia, con cambio de dependencia orgánica. No caso de cambio de localidade será preciso, ademais, a conformidade da persoa afectada.

**Segunda.-** *Atribución de funcións na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia*

En tanto non se proceda a adaptar o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, corresponderán á persoa titular da Consellería de Facenda as funcións que os artigos 3 e 4, así como a disposición final segunda deste Decreto, atribúen á persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

